

24 HORAS EN GALEGO
30 de novembro de 2006**Nome: Tamara Carreira Astray****RELATA A TÚA EXPERIENCIA**

Hoxe é un día calquera pola mañá, a menos de momento. Pero como días calquera hai abondos, e só nós somos os responsables, a este día vouno dotar dun matiz especial. Como normalmente falo galego, non sei moi ben como levar este “día de falar o galego”. Decidín pois, falar galego, si, coma sempre, mais falalo ben, nada de castelanismos, anglicismos, outros -ismos ou expresións pouco propias da nosa lingua, Non!, hoxe toca puro e duro galego.

Unha tarefa audaz nada fácil a que me propoño; non vai ser sinxelo prescindir de verbas como: escoba, falda, mechero, estuche, silla ou película ... e por suposto tentarei dicir garfo, tixola, ollomol e culleriña, palabras moi relacionadas coa comida, pero que se nos fan tan difíciles de dixerir a moitos galegofalantes.

10.30, estou sentada diante do meu café, non hai leite, por iso o tomo só, eu tamén estou soa, non hai ninguén con quen falar para comezar o desafío de hoxe.

11.15, chega Alberte, eu saúdo:

-Ola, bos días!

-Ola peque, que tal?

De momento nada fóra do normal, explícolle as miñas intencións, parécenlle ben. Seguimos a conversa, eu falo e a cada momento rectifico, síntome ridícula utilizando expresión tipo, “crense o embigo do mundo”, ou “pecha a xanela”. Comezo a darme conta da cantidade de castelanismos presentes na miña fala. A miña mente vólvese un mar de dúbidas.

Escoitei un día que ós actores lles poñían un lapis na boca para vocalizar mellor, eu coñezo ben esa sensación. Recordo cando ía ó instituto, eu era da aldea, e ía á cidade, alí ninguén falaba galego, era vergoñosa, ou polo menos eu así o cría, entón decidín falar o castelán a cambio de sufrir un constante e soante lapis na boca. Quixen ser actriz, falar o que non falaba e ser o que non era. Ó comezo supúñame un gran esforzo, penso que ós actores tamén lles custa nos primeiros ensaios, pero logo un xa se vai afacendo, créndose profesional.

Tamén había un programa televisivo onde ós participantes lles poñían unha pelota de espuma na boca e debíanse facer entender ós seus compañeiros de equipo. Nestes casos, con lapis ou con espuma, as palabras non saen con fluidez. O lapis parece que se vai enredando na lingua cada vez máis, ou que a pelota se fai cada vez máis grande, ata ás veces asemella que a lingua se inflama tanto que é imposible pronunciar palabra. Para solucionar tal incomodidade en moitas ocasións decidía ficar calada, mais que nada para que non se me caese o lapis e así chamar a atención, vaia actriz de pao, a miña carreira estaba truncada.

Lémbrome disto porque algo me evoca aquela época, anque con matices ben diferentes, claro, volvo a ter que pensar ben as cousas antes de dicilas. Pero desta vez eu son a que marco o guión e non os demais. Facer as cousas por convicción é mellor que facelas para convencer.

Ben é sabido que a historia fixo moito dano á nosa lingua, sobre todo nos tempos da prohibición. Por exemplo, hai cousas que me sorprenden, a miña avoa, galego falante de toda a vida, cando pide algo para ler apunta expresamente que non sexa en galego, “... e que non o entendo” asegura, e eu penso “eu tampouco, avoíña, eu tampouco”

17.30. Encontro cos amigos tomando un café, esta vez con leite. O primeiro que fago é comunicarlles a miña ousadía do día. Toda satisfeita e orgullosa afirmo:

-Hoxe vou falar galego sen cometer fallos!.

A reacción non foi outra que risas, e mais risas, eu tardei en decatarme, ata que comprendín o cómico da situación. Debería dicir erros non fallos, unha metedura de pata, como calquera outra. Polo menos alegrame que os meus amigos non se burlen das miñas pretensións de perfeccionamento da lingua senón da miña torpeza. Discutimos un anaco sobre o tema, Iago solidarízase co meu descoido:

-Tamén hai que ter en conta unha cousa: que farían os castelán falantes da Galiza sen palabras como reseso, colo, morriña ou carallo? Quen estea libre de pecado que tire a primeira pedra, todos cometemos ERROS!

Pero en pouco tempo as miñas ansias galeguizadoras deixaron de chamar a atención, e todo transcorreu cunha naturalidade habitual.

Polo demais non notei reaccións fóra do normal, pode que unha cella máis alta que outra ante un grazas, ou un sorriso inquietante, mais nada excepcional.

Outra das verbas que nos custa dixerir é precisamente esta: grazas, por ser un dos vocablos máis habituais nas nosas conversas, sobre todo da xente educada ou moi agradecida. A fin de contas todo é acostumarse, agora ata nos resulta estraño ver filmes en galego onde os actores din *gracias*. Así e todo eu prefiro solucionar a trifulca dicindo graciñas, puramente galega e eternamente popular.

Apuntade a lección: a xente acomódase ás normas rapidamente sobre todo cando saen pola tele.

Cando estaba fóra, un amigo que falaba con soltura o inglés, anque con ademáns un pouco esaxerados, confesoume: “Isto do inglés non é difícil só hai que facer como se un estivese actuando, hai que tentar imitar ós grandes actores clásicos, Cary Grant, Hunphrey Bogart, desta maneira sae só”. Tiña moita razón. Pero do que non se decatou o meu amigo foi de que non todos somos estudantes de arte dramático coma el, e que hai xente que queda estancada na fase do lapis. Ou que hai xente que prefire mostrarse tal como é, a pesares do seu inglés macarrónico, e non deixarse levar por un guión establecido. As frases célebres do cine como “Play it again Sam”, (Tocaa outra vez Sam), están feitas para os actores.

Dende logo a aventura de hoxe non foi tan apaixonante coma a dos nosos amigos de Casablanca, mais tivo os seus aqueles.

Con todo, gustaríame que deixasemos o lapis para escribir e para os actores, e que nos adicásenos máis a ser nós mesmos.